

000072 10/01/2011 10:43

Á vista do escrito da profesora dona M^a Isabel González Rey, Decana da Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización de Prácticas Externas das titulacións de Grao en Ciencia da Cultura e Difusión Cultural e Master en Servizos Culturais impartidas na Facultade de Humanidades, desta Universidade esta REITORÍA

-Considerando que a Facultade de Humanidades arriba citada está integrada na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións da Facultade de Humanidades, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

RESOLVE


Autorizar a realización de Prácticas Externas do alumnado das titulacións Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural e Master en Servizos Culturais, que se realizarán conforme ao Proxecto formativo recollido no Anexo a esta Resolución e co seguinte réxime:

- Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, no caso dos alumnos/as do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, sen poder superar o límite de 150 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos (máximo 6 créditos).
Aos alumnos do Máster Universitario en Servizos Culturais, computaráselles 1 crédito ECTS por cada 25 horas de practicas, sen poder superar o límite de 150 horas que establece o plan de estudos Estes créditos corresponden a materia optativa Prácticas Externas..
- Estas prácticas realizaranse no período que determine a Facultade de Humanidades, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas nos eventos organizados pola Facultade de Humanidades non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as Prácticas Externas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Facultade de Humanidades, nomeará a un titor/a (responsable das actividades culturais desenvoltas no centro), que realizará o seguimento das Prácticas dos alumnos. Tanto por parte do centro coma da Comisión Académica do Máster deberá asignarse tamén un titor/a académico/a das Prácticas.

- Ao remate do período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a académico, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable das actividades nas que realice as prácticas o alumno emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2012

O REITOR



Man José Casares Long

**SRA. DECANA DA FACULTADE DE HUMANIDADES
COORDINADOR/A DO MASTER EN SERVIZOS CULTURAI
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**